

ESCRITOR

"Eu quero gozar de escribir o libro igual que a xente que o le, resultaríame aburrido ter todo o libro esquematizado e que xa soamente tivese que revisar, a tarefa de revisión viría despois. Se cando estás parindo perdes o momento máxico de dar a luz, para min perde todo o sentido do mundo a escrita.

Na fotografía pasa igual, esa sorpresa final que che permite botar fóra o que tiñas dentro, ese efecto de sorpresa, de caos, esa válvula de descontrol e de caos é o que permite a liberación".



BIBLIOTECAS
municipais

Eu son do barrio

Cando me preguntan de onde son sempre digo que de Taragoña. Cheguei á Coruña no 1974 con catro anos e vivín desde o 74 ao 99 en Monasterio de Moraime, a poucos metros de aquí. Fun ao Raquel Camacho e despois ao Agra I, de feito, teño pasado moi bos días e tardes neste campo, onde está o Centro Ágora mesmo.

Eu facía o 95% da miña vida no barrio, nos anos oitenta baixar aos Cantóns era case unha especie de evento, ías porque querías baixar ao cine ou porque quedabas con algúna rapaza, pero non tiñas nada ao que ir que non puideras facer por aquí, todo o mal que podías facer podíalo facer no barrio perfectamente.

Sempre quedabamos os heavys do instituto na casa dos amigos na Ronda de Outeiro, Carlos, que era hippie, Pink, o guitarra de Luar na Lubre... Lémbroa como unha época bastante boa aquí na Agra do Orzán. Estiven desde o 84-89 no Agra I, e coincidiu un momento bastante intenso, con manifestacións estudiantís polo medio.

Esas dúas Coruñas de barrios tan dispares foi a base de gran parte da trama de Negruña.

Inicio da escrita

Aos vinte anos empecei a escribir porque me animou naquel momento a miña moza. Eu daquela debuxaba con bolígrafo bic e fixera algúna pequena exposición de debuxos no Agra. Din o paso de mudar o debuxo pola escrita porque unha das miñas mozas dixérame que escribía mellor que debuxaba, e non é que escribise mal nin que debuxara ben, pero era relativamente mellor na escrita que no debuxo. A música, sen embargo, sempre estivo moi presente e fíxome compañía toda a vida, é unha compoñente indispensable, preciso escribir sempre con música e moitas veces mesmo escollo a banda sonora antes de poñerme a escribir.



Ilustración de Segismundo Rey. En: Negruña / Xosé Duncan

Puntos de inflexión

A miña primeira lembranza é de meu avó cando eu tiña tres anos, el era a persoa que más tempo estaba conmigo. Daquela inda vivíamos en Taragoña e meu pai xa comezara a navegar, entón realmente quen se ocupaba de min era el. Morreu cando eu tiña cinco anos, case non os chegara a cumplir, e esa falta tan cedo da persoa coa que vivín tan intensamente de pequeno e coa que pasaba máis tempo foi o meu primeiro contacto coa morte.

Sempre fun unha persoa que estivo totalmente marcada pola morte, téñolle pavor, principalmente porque son ateo claro, e ben é certo que están as correntes filosóficas que che din que non pasa nada, que non hai sufrimento, pero xusto ao que eu lle teño pánico é a iso, a desaparecer, a esvaecer totalmente. É unha constante en todas as novelas que escribo, sempre hai algún personaxe perdido que ten pánico á morte.

Por outro lado tamén tiven a sorte, inda que mala, de nin traballar no que me gusta, nin estudar o que me gusta, entón sempre vexo unha continuidade de tarefas que tes que realizar no teu día a día, pero tampouco é que che repercuta nada en positivo como vivencia. Esta cuestión do traballo é quizais un dos motivos polos que vivo con intensidade o tema da escrita, porque independentemente que despois o libro acabe gustando para min xa é unha especie de beneficio que me repercuta a nivel emocional, tanto escribir como a fotografía gústame moito máis que o traballo que realizo.

Tamén destacaría as miñas orixes porque, ao vir da aldea, parece que o máximo que podías chegar a facer era estudar ou traballar en calquera cousa que fose máis do que a vida alí che puidese permitir. Supoño que ese mesmo concepto era o que provocaba que, tanto nós como nosos pais, nos comunicásemos en castelán.

Era surrealista, porque aquí no barrio eramos un 95% de xente que falabamos en galego nas nosas familias e lugares de procedencia, e chegabas á Coruña e expresábaste en castelán. Supoño que tamén era polo aprendido de que como viñas a un lugar mellor, inda que ese lugar mellor estaba formado por xente coma ti, tiñas que relacionarte doutra maneira. Era ridículo porque, obviamente todos viñamos a un lugar mellor, senón non viríamos á Coruña

para nada, pero era curioso que non eramos un 15-20% de xente os que estabamos nesa situación, senón que eramos o 80% de xente que viñamos de fóra e ao chegar aquí intentabamos imitar certos comportamentos ou patróns de comportamento que pensabamos que eran os que tiñamos que ter aquí.

O que che gusta de ser escritor

Sempre respondo a mesma parvada, eu era moi cándido, moi inocente, como tiña o concepto de lector do Raquel Camacho, collía o Frankenstein de Mary Shelly, a Arthur Conan Doyle, O Club do suicidio de Robert Stevenson, e pensaba que libros como o de Robert Stevenson de 1800 e pico que se poñían á venda ou que estaban na biblioteca levaban por aí 200 anos, que barbaridade! Pensaba, "se algunha vez chego a escribir un libro vai estar por aí 200 anos".

Agora sei que non é así, porque os contratos de edición son por quince anos e, en canto a editorial vexa que non é rendible deixa de reimprimilo e, as copias que sacaron na primeira fornada acabarán desaparecendo. Así é que ese produto que para min é tan íntimo, tan catártico, resulta absolutamente caduco, case tanto como un iogur, é moi triste pero é así.

A beleza

Atopo beleza nas cousas más pequenas, na fotografía, nun paseo en moto, saíndo aos espazos abertos, de feito penso que unha das enfermidades mentais que teño é vivir en lugares para os que a xente non está preparada. Se a xente antes vivía en tribos, era porque a tribo tiña un número de elementos e compoñentes máximo que era capaz de controlar a nivel mental. Eu sería incapaz de vivir nunha cidade como Tokio, por exemplo.

Tamén atopo beleza nos pequenos momentos, na casa, saíndo a sacar unhas fotos, botando unha partida á play, hai que encherse de mundanidade ás veces. Non podes facer depender de acontecementos ou de días especiais a túa felicidade, porque senón entrarías nunha espiral de insatisfacción moi grande. Cada día tes que intentar atopar algo, sobre todo porque despois de que nos vaimos non vas ter nada, así é que tes que procurar esos pequenos instantes, que son segundos ás veces.